


FERVENZAS DE PONTEVEDRA



**Adela Leiro Lois, Mon Daporta Padín
Xaneiro 2013**

O SALNÉS



REGO DA ARMENTEIRA



Parroquia de San Martiño (Meis).

O rego de San Martiño ou da Armenteira nace no Monte Castrove e desemboca no Umia en Ribadumia. Forma varias fervezas pequenas e zonas de rápidos en rochas graníticas.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Barrantes a Meis cóllese o primeiro desvío en San Martiño, á dereita, despois de pasar a farmacia e chégase a unha área recreativa onde se rahabilitaron varios muiños. Tamén se pode seguir a ruta do Rego da Armenteira desde distintos puntos de Ribadumia e Meis.

REGO DE SAN SALVADOR



Parroquia de San Salvador (Meis)
Afluente do Rego da Armenteira (Umia)

COMO CHEGAR:

Ao chegar a San Salvador cóllese o cruce que sobe desde a igrexa ao Castrove. A ferverza está a carón dun muiño.

ARCOS



No rego de San Tomé, un afluente do río Cañón (Umia) que baixa das abas do Castrove polo concello de Meis. Na zona de San Tomé de Nogueira salva un desnivel en rochas graníticas con varios rápidos e ferverzas de pouca altura.

COMO CHEGAR:

Desde O Mosteiro (Meis) cóllese o desvío a San Tomé de Nogueira ata o lugar de Arcos. Pódese subir por unha pista de terra pola marxe dereita do río ou achegarse co coche pola marxe esquerda ata unhas casas e, desde alí, baixar a río e seguir por un carreiro pola beira.

A CHANCA



Río da Chanca en Simes (Meaño)

COMO CHEGAR:

Desde Meaño séguese pola estrada que vai a Samieira e a uns 800 m o cruce a Lores onde está indicada a área recreativa. Seguindo a ruta vense pequenos saltos. O máis grande está a 1,4 km.

UMIA-CALDAS



PARAFITA



Na parroquia e concello de Valga.

O rego de Ferreño, afluente do Valga forma un estreito val encaixado en penedos graníticos con varios rápidos e fervezas. A zona está acondicionada cunha ruta de senderismo e pontes de madeira.

A ferveza grande ten uns 10 m de altura e a pequena arredor de 6 m.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Valga a Caldas, en Magariños, cóllese un cruce en dirección Raxoi e séguense os indicadores.

FREIXA DO PAZO AS CAMPAÑAS



Rego da Patela ou do Pazo, unha das cabeceiras do río Gallo (afluente do Umia), en terreos do concello de Cuntois. Encáixase na zona que rodea Castro Landín e forma varios saltos e pozas en granitos. O máis grande ten uns 7 m de altura.

COMO CHEGAR:

Desde Cuntois cóllese a estrada que vai a Xinzo e Pazo. Despois de pasar a ponte sobre o río un cruce á esquerda lévanos ao parque Maráns. Alí poderíamos deixar o coche e seguir a ruta a pé ata as fervezas.

Tamén se pode acceder desde Castrolandín. Déixase o coche na estrada, ao pé do depósito de auga que está antes de chegar ao castro e báixase ao río en directo polo terraplén ou por un carreiro á dereita que conduce a unhas pozas na parte alta das fervezas.

<p style="text-align: center;">SEGADE</p> 	<p>No lugar de Segade en Caldas de Reis, o Umia salva un desnivel de 20 m de altura en rochas graníticas. A ferverza formouse a partir do basculamento dos bloques situados a ámbolos lados da Falla Meridiana de Galiza que atravesa esta zona.</p> <p>COMO CHEGAR: Na estrada de Caldas á Estrada, despois de 1 km de Caldas de Reis, antes de chegar ao cruce de Campo Lameiro, cóllese un camiño que baixa ao río, na zona onde está a antiga fábrica de luz.</p>
<p style="text-align: center;">FREIXA DAS LAXES</p> 	<p>En San Pedro de Rebón (Moraña). No río Cornide ou das Laxes, afluente do Agra ou Barosa que vai ao Chaín (Umia). Varios saltos en rochas graníticas nun lugar acondicionado que conserva varios muíños.</p> <p>COMO CHEGAR: Desde Moraña cóllese a estrada que pasa polos Miragres de Amil e vai a Barro e un cruce á dereita que indica As Laxes (antes de chegar a O Vexildo). Despois de pasado o indicador séguese 150 m e cóllese un camiño de terra á esquerda que chega preto dun muíño e das ferverzas.</p>
<p style="text-align: center;">POZO DO PENEDO</p> 	<p>Na Ponte Taboada, no Umia, que fai de linde entre os concellos de Cuntis e Moraña.</p> <p>COMO CHEGAR: Na estrada de Codeseda a Moraña, en Souto cóllese o desvío a Cuntis. Pasada a ponte, á esquerda, atópase un camiño no que deixamos o coche e, río abaixo, buscamos un sitio para baixar ao pozo, un fermoso espazo pechado por unha illa que remata nun cachón de pouca altura.</p>

O MORRAZO



COIRO



Na parroquia de Coiro (Cangas).

No río Bouzós, un afluente do río da Presa que nace en Ermelo e desemboca en Cangas. O curso alto do río atravesa a carballeira de Coiro nunha sucesión de rápidos, fervenzas e tobogáns entre grandes bolos de gneis e granito. A caída máis alta ten uns 6 metros.

COMO CHEGAR:

No alto da Portela, na estrada Cangas-Bueu sae unha pista pola dereita que pasa por riba da Ermida de S.Cosme e leva, nun quilómetro, á Carballeira de Coiro. Os saltos máis grandes atópanse seguindo o curso do río por debaixo da pista e chégase a eles seguindo un carreiro de pendente moi pronunciada.

A FRAGA



Parroquia de Meira (Moaña).

O río da Fraga nace na serra de Domaio e desemboca na enseada de Moaña. Ten un tramo con rápidos e pequenas fervenzas cunha estreita faixa de vexetación de ribeira ben conservada rodeada de eucaliptos. O salto máis grande ten arredor de 6 m de altura.

COMO CHEGAR:

Desde Moaña cóllese unha estrada que vai a Marín e crúzase o río por unha ponte. A partir dela hai un carreiro que segue o río. (4 km)

VERDEAL POZO DAS MEIGAS



Na aldea de Verdeal, na parroquia de Domaio (Moaña). O río da Miñouva, das Freixas ou da Pasaxe nace na serra de Domaio e desemboca na ría de Vigo. Salva un desnivel duns 50 m, en rochas graníticas, o último tramo moi pechado entre as casas. Está rodeada de acacias e eucaliptos na parte alta. Está afectada pola construción da ponte da vía do Morrazo.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Moaña, despois de pasar a saída da autopista cóllese un cruce que vai a Verdeal, 1 km antes de Domaio.

Para acceder á fervenza sóbese por un camiño entre as casas. Pódese ver desde o viaduto da nova estrada ou desde detrás do Pavillón de Deportes, ao pé do Colexio.

Para acceder á parte alta, onde hai outros saltos máis pequenos, séguese a ruta do rego da Freixa.

REGO DA FREIXA



En Domaio (Moaña). O rego da Freixa cae dos montes de Domaio formando numerosos saltos, rápidos e pozas, nun entorno natural no que se atopan varios muíños de grande interese etnográfico.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder directamente desde a Vía do Morrazo na saída de Domaio e collendo cara ao monte. Alí mesmo déixase o coche e comézase a ruta baixando cara ao río. A primeira parte remonta o rego da Freixa, no que iremos atopando varias fervenzas e nove muíños. Ao chegar á estrada asfaltada collemos á dereita, por debaixo da urbanización ata chegar ao rego da Miñouva. Alí podemos ver tres fermosos muíños, pozas e varios saltos. Tamén poderemos gozar das vistas da Ría de Vigo e o estreito de Rande. Facemos o itinerario de volta e, no rego da Freixa, en vez de baixar polo río, se queremos aforrar tempo, podemos baixar pola estrada.

Tamén se pode acceder desde Domaio pasado Palmás, collendo a estrada que sobe ao campo de Golf.

MIÑÁN-SILVESTRE




Río Neibó (Loira). En San Tomé de Piñeiro (Marín)

COMO CHEGAR: pola estrada de Moaña a Marín, vese desde a estrada entre os lugares de Miñán e Silvestre.

PONTEVEDRA



PEREIRO




Concello de Poio.

No rego do Pereiro que baixa dos montes do Castrove e desemboca na enseada de Campelo. O río e os seus afluentes baixan por un terreo encosta onde abundan os rápidos e saltos entre granitos e neis.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Sanxenxo, un pouco antes de chegar a Combarro, cóllese á dereita un indicador a Pereiro e Casalvito. Séguese cara a Pereiro de Abaixo e baixase pola segunda estrada indicada á dereita, crúzase unha ponte sobre o río e ao chegar á última casa cóllese á esquerda un camiño de terra que sube ao monte. Despois de camiñar uns 500 m e pasar un pozo que queda á dereita, báixase ao río por un sendeiro oculto entre a vexetación que chega a unhas casas abandonadas. Desde alí báixase ao río e atópase a ferverza máis arriba.

REGO DOS MOUROS



No concello de Poio

Un río de percorrido curto e con gran desnivel que baixa do Castrove.

COMO CHEGAR: pola estrada de Poio á Escusa crúzase o río e cara abaixo están os saltos e uns muíños abandonados.

REGO DOS MUIÑOS



En Samieira (Poio).

O rego dos Muíños baixa desde O Busto ata a praia do Laño, na ría de Pontevedra. Ten varias pequenas fervezas.

COMO CHEGAR:

En Samieira cóllese a estrada que vai a Armenteira e en 200 m á esquerda hai unha praza, onde se pode deixar o coche. Seguindo río abaixo atopamos un pequeno canón con fervezas. Río arriba iremos pasando por unha serie de muíños e pequenos saltos de auga.

REGO DA FREIXA



Concello de Poio.

Pequena ferveza duns 3 m de altura preto da desembocadura

COMO CHEGAR: desde Poio báixase á zona deportiva, onde deixamos o coche.

A ruta comeza a carón do Colexio, rodea o campo de fútbol e remonta un pequeno tramo do río.

BAROSA OU MAQUIEIRA



Na parroquia e concello de Barro. O río Agra ou Barosa, o principal afluente do Chaín (Umia) que conflúe con el no linde co concello de Caldas, salva un desnivel en grandes laxes graníticas con varios saltos e tobogáns. Os saltos están aproveitados para un conxunto de 14 muíños. A zona está acondicionada como área recreativa.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Caldas, despois de pasar San Antoniño cóllese un cruce que indica Parque Natural do Río Barosa. Pódese seguir unha ruta río arriba polo bosque de ribeira.

REGATO DA FILLAGOSA



Cae no Lérez en Pontevedra (fronte a Monte Porreiro)

COMO CHEGAR:

Vese desde a outra beira do río Lérez seguindo a ruta que vai desde Monteporreiro.

REGO DE CABALEIROS



Parroquias de Corredoira e Santa María de Sacos (Cotobade).

O Rego dos Cabaleiros é un afluente do Lérez que nace en Corredoira e, despois dun curto percorrido con varios saltos e pozas en terreos graníticos, cae no Lérez.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Ourense, á altura do km 70 crúzase o rego e desde a ponte vense as fervezas.

REGO DOS FORNOS




Un afluente do río Sequeiros (Umia)

COMO CHEGAR:

Na estrada de Campo Lameiro a Cuntis por Cequeril, pasada a Armonda crúzase o rego dos Fornos.

Xusto ao pé da ponte, e antes de cruzala, sae un carreiro que, río arriba, nos leva á ferverza. Hai outras río arriba.

ALMOFREI



O río Almofrei (afluente do Lérez) entre Portamuíño (Pontevedra) e Xesteiras (Cotobade) forma un profundo canón no que hai numerosos saltos e pozas. No verán os saltos levan pouca auga pero podemos gozar das numerosas pozas e fermosos recunchos que se forman entre grandes penedos graníticos, algúns en zonas acceso moi complicado.

1-Bora (Pontevedra), entre os lugares de Portamuíño e O Salgueiral.

A ferverza principal ten unha fronte ampla e caídas de ata 7 m de altura.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Cotobade, xusto no punto quilométrico 1, cóllese o desvío a Portamuíño e apárcase o coche. Para ir ás ferverzas cóllese unha pista de terra que sae á esquerda e, seguindo sempre pola da esquerda chégase a unha levada antiga pola que se remonta o río ata atopar as ferverzas (2,5 km ida e volta).

Pódese chegar a esta ferverza facendo a ruta do Almofrei sinalada polo concello de Pontevedra (7 km desde Ponte Bora).

2-A Fontenova (Cotobade)

Na parroquia de Almofrei (Cotobade).

COMO CHEGAR:

Na estrada de Pontevedra a Cotobade, cóllese o desvío a Almofrei e na Fontenova déixase o coche e báixase por unha pista de cemento moi estreita e empinada que vai á central hidroeléctrica, case abaixo, ten un desvío á esquerda polo que se chega a uns prados polos que se pasa, sen baixar, ata chegar a un bosque que hai que atravesar e baixar pola outra banda nun terreo moi empinado. Hai que remontar o río polo cauce entre penedos para atopar as ferverzas (2 km ida e volta). Pódese ter como referencia as cristas rochosas do Catadoiro, á outra banda do río. No inverno é moi complicado e perigoso.

3-Arrotea

Na parroquia de Almofrei (Cotobade).

COMO CHEGAR:

Seguindo pola mesma estrada, un pouco máis adiante, chégase á igrexa de San Lourenzo, déixase o coche e báixase por un camiño ata unha área recreativa a carón do río. Un pouco antes da área recreativa hai que desviarse á dereita polo medio do monte ata subir a un alto desde o que se ve o canón do río e a ferverza (1 km, ida e volta).

4-Ponte Arrotea

Na parroquia de Almofrei (Cotobade), a carón da ponte, nunha área onde o río forma pequenas ferverzas e numerosas pozas.

COMO CHEGAR:

Seguimos ata a ponte e desde alí podemos ver as ferverzas, mesmo debaixo da ponte e un pouco máis abaixo.

FÍRVEDA



Parroquia de Seixido (A Lama).

O río Verdugo forma unha caída de auga de case 15 metros de altura rodeada dun pequeno bosque de ribeira con camiños abandonados e case intransitables.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Doade (Beariz) a Antas pola marxe dereita do Verdugo, cóllese cara o lugar de Fírveda. Nunha eira e a carón dunha fonte baixa un carreiro cara uns muíños abandoados.

ABELAÍDO



O río Verdugo en Abelaído (A Lama) encáixase nun canón no que forma varios saltos entre rochas graníticas.

COMO CHEGAR:

Na estrada da Lama a Seixido, pasado Antas, un cruce á esquerda, indicado, leva a Abelaído. Ao chegar a unha bifurcación déixase o coche á beira dun penedo, desde onde se ven as fervezas. Para chegar a elas báixase un pouco pola pista e, xusto onde remata a última construción á esquerda, atópase, á dereita, un carreiro pouco visible, pero transitado, moi pendente no arranque, que leva ao pé das fervezas.

POZOS DA FREIXA



No río Verdugo, no lugar de Roca (Ínsua-Pontecaldelas).

Tres saltos sucesivos salvan 40 metros, formando grandes pozas no leito granítico do río. A situada máis abaixo é a de maior caída, de máis de 10 m. O acceso para velas de preto pode ser dificultoso.

COMO CHEGAR:

O acceso é pola outra beira do río Verdugo. Mesmo á saída de Pontecaldelas en dirección Pontevedra unha estreita estrada pola esquerda leva por Cuñas e Espiñeira en 2 Km ata a Central hidroeléctrica; remontando o río entre grandes bloques de pedra chégase con dificultade ás fervezas. O mellor acceso é, 300 metros antes da central, coller a canle de auga a media ladeira ata a captación no río. Se o río leva pouca auga pódese cruzar por riba dos saltos e baixar ata o seu pé.

O INFERNIÑO REGO DO INFERNO



No Rego do Inferno, afluente do Verdugo. Na zona do Inferno o río Verdugo abre un longo canón moi estreito, con rápidos e pequenos saltos entre grandes pedras, bolos e paredes case verticais nunha zona de difícil acceso.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Soutomaior a Pontecaldelas cóllese cara a ponte de Romariz, e alí unha estrada estreita á dereita. Logo de pasar o lugar de Vela déixase de subir para coller unha pista á dereita que baixa á tubería da levada dunha minicentral; pódese camiñar pola esquerda por riba da mesma e tentar baixar ao río polo bosque pasada unha ponte alta que salva un regato. A ferveza atópase á esquerda, pouco antes da presa. Tamén se ve desde a ponte, especialmente no inverno.

A FEIXA RÍO PARADA




No lugar da Feixa (Verducido-A Lama). O río Parada (unha das cabeceiras do Oitavén) recolle as augas de varios regatos que baixan da parte meridional da Serra do Suído, e encáixase nunha zona de granitos formando pozas e unha ferverza en tres tramos de 9 metros.

COMO CHEGAR:

Remontando a canle do río 100 metros desde a ponte da estrada que leva de Estacas (Fornelos de Montes) a Verducido (A Lama).

SALTO DO XESTA A FREIXA



Na parroquia de Xesta (concello de a Lama).

O río Oitavén, chamado Xesta na súa cabeceira, nace na vertente pontevedresa da Serra do Suído e a partir de Liñares percorre un terreo abrupto con rápidos e ferverzas. A máis espectacular é A Freixa entre rochas graníticas e rodeada de espesos bosques de ribeira e carballeiras.

En Liñares hai unha ponte medieval. E na Xesta unha carballeira moi ben conservada. Está afectada pola construción dunha central hidroeléctrica.

COMO CHEGAR:


Desde A Lama pola estrada de Gaxate e de alí a Paradela e Liñares.

Desde Pontecaldelas vaise a Xende e de alí a Liñares. Desde alí por un sendeiro a pé ata a ferverza nuns 30 minutos. Tamén se pode ir desde Paradela seguindo as levadas da auga dos muíños.

DEZA



ARNEGO



O Arnego entre Agolada e Lalín salva unha forte pendente con varios saltos pequenos.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Lalín a Lugo vese desde a ponte sobre o Arnego. Nas proximidades hai unha minicentral.

ARNEGO-TOIRIZ




O Arnego en Vila de Cruces, nunha zona encaixada con rápidos e pequenas fervezas entre rochas metamórficas.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Agolada a Vila de Cruces, despois de pasar Brántega chégase a unha ponte que cruza o río e desde alí séguese polas beiras.

PORTO MARCELÍN



No rego de Porto Marcelín, afluente do Arnego, a carón dos Baños de Caldelas de Vilariño.

COMO CHEGAR

Na estrada Agolada a Lalín cóllese o desvío a Vilariño. A ferveza atópase detrás dos Baños de Caldelas de Vilariño.

ÍNSUA



En San Tomé de Insua (Vila de Cruces), no rego de Cubelos, afluente do Ulla.
COMO CHEGAR:
Na estrada de Vila de Cruces a Arzúa, en Vilanova (km 9) collemos á esquerda o desvío a Insua. Ao chegar a San Tomé pasamos a igrexa e baixamos a río. Despois de cruzar a ponte deixamos o coche. A primeira ferverza está alí debaixo (modificada pola presa dun muiño). Seguindo por un camiño que sae á dereita un pouco máis adiante, collemos outro desvío á dereita por un camiño abandonado e vemos varias ferverzas máis e uns rápidos. Hai que baixar ao río por onde se poida.

OS MUIÑOS



Na parroquia de Ponte (Silleda). O río de Mera (Deza-Ulla) salva un desnivel en rochas graníticas con varios saltos. O máis gande ten 8 m de altura.
CÓMO CHEGAR:
Na estrada de Silleda a Vila de Cruces, ao chegar a Pontes, cóllese un cruce á dereita, atrávesase o lugar e crúzase o río. Seguindo pola marxe dereita río abaixo (pola conducción da depuradora) chégase á primeira ferverza que está situada a carón duns muiños abandonados. A maleza non permite seguir pola beira. Para ir ás outras hai que facelo seguindo río arriba desde a depuradora de augas residuais de Silleda, á que se accede por unha pista á dereita. Desde alí cóllese un carreiro á esquerda apegado ao peche que segue a canle da depuradora e despois de aproximadamente 200 m inténtase baixar ao río por onde se poida. O terreo está cheo de mato e resulta moi complicado.

FÉRVEDA




Na localidade de Férveda da parroquia de Escuadro (concello de Silleda). No río Escuadro, afluente do Toxa, que á súa vez vai ao Deza (Ulla). Na parte alta o río chámase río da Férveda e discorre por un estreito val en rochas graníticas que forma numerosos rápidos e varias ferverzas. A máis interesante salta un desnivel de 10 m. A zona conserva un bo bosque de ribeira e carballeiras.
COMO CHEGAR: na estrada de Silleda á Estrada cóllese o desvío a Escuadro e pouco antes de chegar ao núcleo cóllese un cruce nunha curva pechada que leva até a localidade de Férveda. Despois de pasar as últimas casas hai un cruce de varios camiños e séguese polo de arriba aproximadamente 300 m. Para baixar ao río hai que seguir, pola esquerda, unha levada que baixa desde os prados. O percorrido ata a ferverza é moi dificultoso pola pendente abrupta.

CADOIRO DO TOXA




Parroquia de Martixe, concello de Silleda.
O río Toxa cae nun desnivel de 60 m de altura aproveitando unha formación de granito de dúas micras. Na zona conflúen rochas graníticas duras e resistentes con rochas metamórficas máis alterables (anfíbolitas, xistos micáceos e paragneis e a ferverza é o resultado da erosión diferencial.
COMO CHEGAR:
Na estrada N520 Santiago-Ourense, cóllese un desvío de Bandeira a Merza. O desvío de Pazos lévanos ata a parte alta do mirador. Desde alí pódese facer un percorrido a pé pola parte baixa ou seguir unha ruta polo Deza ata o mosteiro de Carboeiro.

TABEIRÓS-TERRA DE MONTES



A FREIXA DA GRAÑA



Na parroquia de Santa María Madanela, no concello de Forcarei. No río da Veiga de Abaixo ou Porto, unha das cabeceiras do Deza que nace nos montes do Testeiro. O río cae nun salto (A Freixa) en paredes verticais de lousas duns 15 m de altura. A forma curva da parede dalle á ferverza unha amplitude que a fai moi vistosa. Río Arriba hai un encoro que alimentaba unha fábrica de luz hoxe desaparecida.

COMO CHEGAR:

Pasado Soutelo cóllese a estrada que vai a Trasdormonte e séguese en dirección a Braña onde se deixa o coche. Crúzase a aldea e vaise baixando cara ao río seguindo o camiño que vai polas leiras. Ao chegar ao encoro séguese río abaixo e chégase á parte alta da ferverza. Para vela desde abaixo hai que seguir avanzando polo monte e baixar polos terrapléns. Pódense ter como referencia os cables de alta tensión.

PICHO DE CURANTES PICHO DA FERVENZA




No río Curantes, un afluente do Liñares, na parroquia de Rubín (A Estrada). Entre Rubín e Cereixo baixa un gran desnivel en rochas graníticas con dous saltos grandes, varios saltos pequenas e numerosos rápidos.




O percorrido vai por un bosque de ribeira de gran beleza con amieiros, salgueiros, carballos, loureiros, fentos... Algunhas zonas teñen un gran desnivel e son de difícil acceso. No percorrido vense distintos tipos de muíños (de roda vertical e horizontal) e unha antiga carpintería, en mal estado de conservación. A ferverza pequena ten uns 5 m de altura e está situada debaixo dun antigo serradoiro hidráulico. A ferverza grande ou de Valiñas salva uns 10 m de altura en forma de tobogán.

COMO CHEGAR:

Na N-640 da Estrada a Silleda, a uns 3 km, en Cimadevila (Callobre) séguese a estrada vella nunha curva e cóllese a terceira pista que sae pola dereita e chega a unha carpintería e a un antigo serradoiro hidráulico onde se deixa o coche. Desde alí báixase por un carreiro á primeira ferverza. Pódese facer unha ruta circular seguindo o río (que hai que cruzar varias veces) que remata na parte alta da ferverza grande ou de Valiñas. Para ir á parte baixa desta ferverza séguese pola pista de terra que hai á dereita (fronte á carpintería) ata chegar á ponte que cruza o río. Logo hai que ir por un carreiro de moita dificultade pola marxe dereita e pódese baixar á ferverza grande e a outra que hai un pouco máis abaixo.

VALIÑAS



<p>POZO DO MAIMÓN</p> 	<p>No lugar de A Pousada, na parroquia de Curantes (A Estrada). O río Curantes, chamado nesta zona rego dos Muíños, forma dúas fervezas en rochas graníticas de 5 e 7 m que rematan en pozas de bo tamaño. A zona está aproveitada con varios muíños.</p> <p>COMO CHEGAR: Na N-640 da Estrada a Silleda, a uns 8 km, en Pena do Foxo cóllese o cruce que indica Curantes e Olives e séguese ata A Pousada (guiados pola indicación do pazo da Nugalla). Á dereita do pazo séguese un carreiro que baixa ata o río (500 m aproximadamente).</p>
<p>FIRGA</p> 	<p>Parroquia de Somoza (A Estrada), no río de Brañas, afluente do Liñares (Ulla). É unha pequena ferveza, de aproximadamente 3 m de altura, que cae nun estreito canón entre bolos graníticos.</p> <p>COMO CHEGAR: Na estrada que vai do centro da vila da Estrada a Forcarei cóllese o desvío que indica Ouzande e logo séguese en dirección a Agro Redondo. Pouco despois das últimas casas e antes de cruzar o río sae un carreiro á esquerda que nos leva ata un muíño e a ferveza.</p>
<p>PRESQUEIRAS</p> 	<p>Na parroquia de San Miguel de Presqueiras (Forcarei). Río Carballas ou Bidueiro, afluente do río do Castro que vai ao Lérez. Este pequeno río baixa da vertente norte da serra do Cando e ten un percorrido cheo de rápidos, saltos e canóns. O salto máis grande cae nun canón de xistos encaixado entre paredes verticais de 10 m de altura.</p> <p>COMO CHEGAR: Cóllese a estrada de Cerdedo a Soutelo e un pouco antes de Vilapouca un desvío a Presqueiras e logo a San Miguel de Presqueiras. Pásase a aldea e séguese en dirección a Cerdedo ata cruzar o río. Da ponte para abaixo xa aparecen as primeiras fervezas ás que se accede baixando polo terraplén. Máis adiante, pasado o cruce que sube ao parque eólico cóllese unha pista de terra á dereita e nela a primeira desviación á dereita que remata nuns piñeiros (ata aquí pódese chegar cun vehículo todo terreo). Desde alí báixase ao río por un terreo moi pendente e chégase á parte alta da ferveza. Para ir á poza e á parte baixa hai que xogarse o tipo. Tamén se podería tentar desde o outro lado do val.</p>
<p>CAVADOSA</p> 	<p>Na parroquia e concello de Cerdedo, no río do Seixo, case na fronteira con Cotobade. No camiño vello que cruza o río pasando por dentro da aldea atópase a ponte romana. O río forma varios saltos e rápidos en rochas graníticas.</p> <p>COMO CHEGAR: Cóllese desde Cedededo en dirección a Cavadosa e desde a ponte que cruza o río vense varios saltos de diferentes alturas. As máis interesantes están río arriba.</p>
<p>POZO SANGOENTO</p> 	<p>O río do Seixo forma unha ampla poza na que cae formando unha ferveza de 5 m de altura. Varias lendas falan da Serpe bichoca que garda un tesouro. Os que tentan collelo morren.</p> <p>COMO CHEGAR: Desde A Cavadosa séguese río abaixo ata chegar ao pozo que se pode rodear con certa dificultade pola marxe esquerda.</p>

POZO FUMEGAS



O río Seixo ou Sillar en Meilide (Cerdedo) forma un canón con abundantes rápidos e pequenos saltos.

COMO CHEGAR:

En Meilide, en fronte da capela, un camiño empedrado que segue a ruta do Pai Sarmiento baixa ata o río. Crúzase a ponte e remóntase o río uns 600 m.

CASTRO



No rego das Valgadas, un afluente do Quireza (Lérez), na parroquia de Castro, un pequeno rego que baixa da serra cun gran desnivel aproveitado para instalar varios muíños.

COMO CHEGAR:

Vese ao pasar o río, na estrada de Quireza a Cerdedo.

CHAMOSA



Un rego que cai do Outeiro da Cruz, afluente do Sorribas (Lérez). No lugar de Chamosa (Forcarei).

COMO CHEGAR:

Desde Forcarei vaise a Chamosa e no camiño vese a ferverza de lonxe. Para achegarse hai un camiño que nos permite ver a parte baixa do regueiro. O acceso ás ferverzas é moi difícil por estar cheo de mato.

REGO DE VESACARBALLA



O río Vesacarballa é un afluente do Quireza que na zona de Sabucedo forma pequenos saltos.

COMO CHEGAR:

Saíndo de Sabucedo pola estrada vella que vai da localidade a Forcarei e Codeseda, párase antes de cruzar o río e báixase ata o muíño ao pé do que se atopa a ferverza.

Por debaixo da localidade, ao pé do cruce da estrada que vai a Quireza atópase unha pequena ruta polo río na que podemos ver un serradoiro e varios muíños.

MEAVÍA



Río Umia entre Rozados e Meavía (Forcarei)

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Forcarei á Estrada. Á dereita da ponte que cruza o río (a uns 100 m) na cabeceira dun prado.

REGO SEGÓN



No rego Segón (Umia), na parroquia de Quintillán (A Estrada). A ferverza está modificada pola presa dun muiño. Ten aproximadamente 5 m de altura en rochas graníticas.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Forcarei a Meavía cóllese o cruce a Quintillán. Mesmo no cruce atópase a ferverza ao pé da ponte vella.

REGO DE INSUELA



En Insuela (Codeseda-A Estrada). O rego da Insuela é unha das cabeceiras do Fontefría, afluente do Umia.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Codeseda a Souto pásase o rego de Insuela e logo unha curva á dereita, dela sae unha pista á esquerda que nos leva á parte alta do lugar e remata nuns prados. Baixando á cabeceira dos prados atópase a ferverza. Hai outros saltos augas abaixo, debaixo das casas do lugar.

REGO DAS FERVENZAS



En Quintas-Codeseda (A Estrada), no rego das Ferverzas, unha das cabeceiras do Fontefría (Umia)

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Codeseda a Moraña, antes de chegar a Quintas, ao cruzar o río, cóllese o primeiro cruce, de terra, á esquerda e séguese, sen desviarse del, ata un pouco antes de chegar á primeira casa á dereita. Alí, mesmo na curva á dereita, sae un camiño á esquerda, que polo medio dunha fermosa carballeira, baixa ao río, ao pouco de camiñar por el xa se ve unha ferverza.

Logo cruzando o lugar das Quintas seguimos subindo polo camiño de terra que vai ao monte, antes de entrar nunha curva pechada á dereita, hai un pequeno alargo. Da mesma curva sae un camiño, á esquerda que nos vai achegando ao río e ás ferverzas máis grandes.

BARRANCO DA TOXEIRA



Na parroquia de Souto (A Estrada). O rego Barranco da Toxeira é un afluente do Umia que ten un percorrido en forte pendente no que forma contínuos rápidos e pequenos saltos

COMO CHEGAR:

Seguindo pola estrada a Moraña pasado o desvío a Nodar e A Estrada e, antes do desvío a Montillón, crúzase o rego. As fervezas están augas arriba e abaixo da ponte.

REGUEIRO DO REGO



Nun afluente do Barranco da Toxeira, na parroquia de Souto (A Estrada).

COMO CHEGAR:

Na mesma estrada cóllese o desvío a Montillón, pásase o lugar e continúaase ata que a estrada cruza o río. A ferveza está augas arriba ao pé da ponte.

RÁPIDOS DA GOLETA



No río Umia, entre as parroquias de Arca e Souto (A Estrada).

COMO CHEGAR:

Seguindo pola estrada a Moraña, pasada a Toxeira, despois dun alargo onde se descarga madeira sae unha pista de terra, á dereita da estrada, que baixa á presa da minicentral desde a que se poden ver os rápidos e cachóns da Goleta. O acceso ao río é complicado.

REGO DE PORTO ARRANCO (POZO NEGRO)



O rego de Porto Arranco fai de linde entre as parroquias de Souto e Cequeril, dos concellos de A Estrada e Cuntis.

COMO CHEGAR:

No punto onde o cruza a estrada, arriba e abaixo da mesma, ten pequenos saltos, o máis grande, duns catro metros, atópase un pouco por debaixo da ponte.

A PARADANTA



PONTE PARDELLAS



No rego de Ponte Pardellas, unha das nacentes do Tea que baixa do serra do Faro de Avión, preto de Prado (O Covelo).

COMO CHEGAR:

Desde a estrada de Pontemaceira a Prado cóllese o desvío de Loureiro. A ferverza atópase preto da estrada onde se cruza o río.

MACEIRAS



Na parroquia de Maceiras (concello de Covelo).

O río Tea, ao seu paso por Maceiras forma un estreito canón en rochas graníticas con pequenas ferverzas e rápidos

COMO CHEGAR:

En Maceiras, na zona da área recreativa e detrás da minicentral. Pódense ver desde debaixo da ponte da estrada pero é moi complicado seguir o río por ir encaixado entre rochas.

AS CALDAS



Na parroquia de Casteláns (concello de Covelo)
O Tea excava un canón onde abundan os rápidos e hai unha sucesión de fervezas de varios metros e pozas e pías na pedra de gran. En pouco máis dun quilómetro o río baixa case de 150 metros, entre Redondo e Vilanova, sen case tramos tranquilos. No contorno hai boas carballeiras.
COMO CHEGAR:
Desde O Covelo cóllese a estrada que vai a Barciademera e despois de pasar Lourido crúzase o río Tea. Déixase o coche nesa zona e pódense ver algúns saltos desde a beira da estrada. Para baixar pódese seguir a ruta da fonte do Baño e, desde alí, con moito coidado, tentar baixar ao río. Hai varios saltos río arriba e río abaixo. No verán é máis doado, pero levan menos auga. Máis abaixo hai outras fervezas na zona chamada “As Caldas”, no lugar onde está construída a minicentral. Son case imposibles de ver, xa que a única maneira é seguir a levada da central. Para achegarnos ata alí baixamos por unha pista desde O Redondo (en dirección a Barcia de Mera) que sae en fronte do campo de fútbol; tomamos un cruce á esquerda e chegamos un cruce de tres pistas e seguimos cara ao río pola do medio.

REGUEIRO DE COVELIÑO




Na parroquia de Santiago de Covelo.
O Regueiro de Coveliño é un afluente do Tea que forma un pequeno salto duns 5 metros situado xusto debaixo da estrada. Arredor hai un bosque de ribeira con salgueiros e freixos no que se atopan varios muíños.
COMO CHEGAR:
Saíndo de O Covelo, en dirección a Vigo e Mondariz, pásase o río e sae á dereita unha estrada que leva á parte baixa da ruta, a carón duns muíños. Remontando o río 100 m chégase ao salto.

REGATO DE PONTE PIÑEIRO



Na parroquia de Santiago de Covelo (concello de Covelo). O rego Ponte Piñeiro é un afluente do Tea que forma unha ferveza de máis de 25 m. Unha parte vese na marxe dereita da estrada e río abaixo, por debaixo da ponte e da estrada, hai varios saltos entre pedras, carballos e loureiros.
COMO CHEGAR:
Saíndo de O Covelo en dirección a Maceira atopamos a ferveza á dereita da estrada en canto se cruza o río.

REGO DE BARREIRO



O rego de Barreiro é un afluente do Deva que baixa da Paradanta formando varios saltos.
COMO CHEGAR:
Na estrada da Cañiza a Luneda, antes de chegar á ermida da Pena de Francia vense as fervezas no lugar en que a estrada cruza o río. Desde a explanada da ermida pódense ver os saltos da parte alta do río.

LUNEDA



No rego de Acebal ou de Luneda, un afluente do Deva que baixa da Paradanta. No entorno de Luneda (A Cañiza) salva un desnivel de máis de 150 m e forma un estreito canón no que abundan os saltos e rápidos.

Pozo Negro:

COMO CHEGAR:

Pola estrada da Cañiza a Luneda xusto onde se cruza o río, pódense ver as fervezas río arriba e río abaixo da estrada.

Pozo do Inferno:

COMO CHEGAR:

desde o centro de Luneda, a carón da capela e do parque, cóllese un cruce á dereita e onde remata o asfalto séguese unha pista á esquerda ata chegar ao río. Seguindo río abaixo pódense ver varios saltos e rápidos.

Río abaixo hai outra ferveza (O Salto) á que se pode chegar, con dificultade desde as casas do lugar de Raxoi ou desde a Ponte das Poldriñas.

POZO DO INFERNO



En Mandelos-Crecente

No río Ribadil, un afluente do Miño que baixa das estribacións da serra do Faro de Avión.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Crecente á Cañiza, en Mandelos, achegámonos á ponte que cruza o río. Alí hai un cartel cun plano dunha ruta moi deteriorado. Podemos facer a ruta a pé ou baixar co coche ata a ferveza volvendo a Mandelos e nas primeiras casas, fronte a un cruce que indica Montecelo e motocross, coller unha pista asfaltada á dereita que baixa ao río con moita pendente.

O CONDADO



A CEÑA




No tramo final do río Xuliana, na parroquia de Liñares (As Neves).


COMO CHEGAR:

A 2 km das Neves en dirección a Salvaterra, cóllese un cruce á esquerda que sinala A Ceña, séguese a pista, crúzase por debaixo da vía do tren e chégase á ferveza e ao río Miño.

BAIXO-MIÑO



RÍO TAMUXE



O río Tamuxe ou Carballo é o último afluente do Miño pola dereita. Baixa entre as serras de Argalo e a Grova excavando, no seu curso medio, un profundo canón en laxes graníticas, no que forma numerosas pozas e fervezas. As fervezas máis destacadas atópanse nun tramo entre as parroquias de Burgueira e Loureza, do concello de Oia.

COMO CHEGAR:

Pódese acceder desde Oia ou pola estrada de Baiona a O Rosal. A ruta ten varios tramos.

1-Deixamos o coche ao pé da ponte de Refoxos, na estrada onde se cruza o río e podemos ver, río abaixo a uns 50 m da ponte, a primeira ferveza. Remontando o río pola marxe esquerda, ata chegar enfrente da minicentral, iremos vendo unha sucesión de pozas e saltos. A esta zona tamén se pode acceder por unha pista de terra que sae un pouco máis adiante.
Distancia: 3 km ida e volta (a pé).

2-Desprazámonos ata Burgueira e seguindo a estrada de Tomiño chegamos a Bonaval onde collemos un desvío á dereita e logo a primeira pista que baixa á esquerda e seguindo polos cruces sempre á esquerda chegamos ao río nunha zona con muíños, onde hai varias fervezas e pozas. Pódese seguir río abaixo ou volver á primeira bifurcación e coller á esquerda seguindo o camiño máis preto do curso do río desde o que se ven outros saltos e pozas. Pódese continuar ata a zona da minicentral. Un pouco antes de chegar á minicentral un rego bótase no Tamuxe formando unha ferveza duns 30 m de altura, con pouca auga.
Distancia: 6 km ida e volta (a pé).

RÍO CAL



O río Cal é un afluente do Tamuxe que baixa dos montes da Valga entre penedos graníticos formando saltos de gran desnivel en paredes verticais. No seu percorrido atópanse numerosas fervezas, escorregadoiras e rápidos, algunhas de considerable altura. Ao interese paisaxístico hai que engadir o etnográfico xa que na parte alta conta con varios muíños de fermosa estrutura e del sae a auga que alimenta as canles dos conxuntos de muíños do Folón e do Picón.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de O Rosal a Loureza crúzase o río, ao pouco de pasar As Cruces (Fornelos) e antes de chegar a Acevedo. Preto do comezo hai varias pozas e pequenos saltos. Seguindo río arriba, pola marxe esquerda (podemos facelo polo cortalumes) chegamos a un depósito de auga do que parten dous carreiros que levan a dúas das fervezas máis altas ás que se baixa con certa dificultade. Máis arriba hai outra e, por debaixo do vao polo que se cruza o río un grupo de catro de moita altura. Seguindo a pista pasamos preto dos muíños do Picón e chegamos á cabeceira dos muíños do Folón, de onde sae unha pista á dereita que sube ao monte e achégase de novo ao río Cal. Neste tramo hai unha ferverza grande, o atranco do que parte a canle que leva a auga aos muíños do Folón e Picón e varias máis pequenas. A ruta remata nunha escorregadoira e un grupo de muíños arruinados ao pé da ponte que cruza o río.

A maior parte da ruta faise polo concello do Rosal e remata no concello de Oia. Tamén se podería facer partindo das rutas dos muíños do Picón e do Folón. Os muíños do Folón e do Picón, alimentados polo río Cal, forman un dos conxuntos de muíños máis numeroso e singular do país, de gran interese etnográfico e estético.

O FOLÓN



No concello do Rosal, no rego do Folón, afluente do Tamuxe que baixa do monte de San Martiño. Cae en varios saltos sobre grandes laxes graníticas. O río está aproveitado por unha parte dos muíños do Folón. A zona está indicada e habilitada para facer rutas de sendeirismo.

COMO CHEGAR:

Desde O Rosal está indicada a ruta muíños do Folón e do Picón. Un percorrido circular permite pasar polos dous conxuntos de muíños. Na época de chuvias pódese gozar mellor das fervezas. No camiño hai varios miradores con vistas ao Rosal e o esteiro do Miño.

POZAS DE MOUGÁS



Os regos de Mougás e As Pías baixan por rochas graníticas formando pequenas fervezas e pozas rodeadas dunha vexetación de piñeiros e eucaliptos con mato de toxos e xestas.

COMO CHEGAR:

Na estrada A Guarda-Baiona, cóllese o cruce a Mougás e séguese a estrada que pasa á dereita da igrexa cara ao monte. A 2 km hai un desvío á esquerda que chega ata as pozas.

RÍO VILADESUSO



Pequena ferverza no curso alto do río de Viladesuso ou Broi en Viladesuso (Oia)

COMO CHEGAR:

Na estrada A Guarda-Baiona, cóllese o cruce a Mougás e séguese a estrada que pasa á dereita da igrexa cara ao monte, cóllese a primeira pista de terra que sae pola dereita e en 1,5 km atopamos o río onde se poden ver varios saltos e pozas e un sobreiral. Unha ruta que sube desde Sobral (Viladesuso) segue o río e pasa por varios muíños.

VERDUCIDO



O río Parada, no linde entre A Lama e Fornelos de Montes, salva un gran desnivel entre rochas graníticas onde forma fermosos saltos e fervezas.

COMO CHEGAR:

Na Estrada PO 255, entre A Lama e Fornelos de Montes, pásase Verducido e chégase á ponte sobre o río. Desde alí pódese seguir pola marxe dereita e ver algúns rápidos e a ferveza principal de lonxe. Para vela mellor é preciso seguir pola estrada ata o primeiro cruce á dereita que sube polo lugar de Outeiriños, e alí coller de novo á dereita uns cen metros ata o remate da pista desde onde baixa un carreiro á esquerda que segue o río ata as fervezas.

POZO MACHADO RÍO PIELAS



En Traspelas (Fornelos de Montes), no río de Pielas, un afluente do Barragán que baixa do Coto Eira.

COMO CHEGAR: seguindo a senda da Fraga do Barragán río arriba, ao chegar ao punto onde desemboca o rego de Pielas crúzase o río polos pasos (está indicado) e remóntase o rego. Un pouco máis arriba crúzase. Alí mesmo un carreiro curto e dificultoso leva á ferveza da parte baixa. Volvemos ao carreiro principal e seguimos subindo por unha forte encosta en pedra; ao remate da mesma un carreiro á dereira lévanos ao Pozo Machado.

Tamén se pode acceder desde Pardalongas facendo a ruta ao muíño do Piñeiro e seguir baixando polo sendeiro das Greas.



Pozo Machado

ARANZA-A FRAGA



No río Oitavén en Aranza (Soutomaior).

Pozas, rápidos e saltos pequenos de 5 metros, pero nun río caudaloso.

COMO CHEGAR:

No lugar de Aranza (Soutomaior) hai que subir camiñando ata a Rúa Nova, na parte alta do lugar desde onde se ve o canón do río. Un carreiro estreito baixa cara un muíño. Augas abaixo hai saltos sucesivos de 5 m e pozas. Remontando o río polo seu cauce (só no verán), medio quilómetro despois vense novos rápidos escavados na pedra, que se prolongan varios Km río arriba.

SAN PAIO-RÍO ALVEDOSA



En Santo Paio de Abaixo, Reboreda (Redondela). Antes de entrar en Redondela, o río Alvedosa atravesa a parroquia de Reboreda onde se localizan varios grandes muíños hoxe adicados á hostelería. Xusto debaixo do Muíño Vello atópase este salto de case 10 metros de altura que salva un penedo granítico, formando unha poza á sombra dunha enorme abelaira.

COMO CHEGAR:
Na saída da estrada de Redondela a Pazos de Borbén, a 250 metros do casco urbano un camiño asfaltado baixa á dereita, xusto antes da nave dun supermercado e debaixo do viaduto do AVE. Para achegarse á ferverza pódese ir polas leiras da marxe dereita ou cruzar a ponte e seguir un carreiro ata unha casa que se rodea pola beira do río.
Outra opción é coller o desvío á dereita despois de pasar o supermercado. Crúzase o río e no primeiro cruce cóllese á dereita e logo outra vez á dereita ata achegarse ao río. Distancia: 200m/500 m

RÍO EIFONSO



Na parroquia de Bembrive do concello de Vigo.
O río Eifonso nace no monte das Lagoas e ten un percorrido de 6 km ata xuntarse co Lagares. Na zona de Bemibre forma varios saltos e rápidos.

COMO CHEGAR: desde Vigo cóllese a estrada que vai a Bembrive e de alí a Mourelle. Pasado o río atopamos o inicio da ruta.
A ferverza principal (Bouzafría) atópase a 900 m do inicio da ruta nun estreito canón chamado O Buraco. No camiño atopamos varios muíños e pontellas e no final o antigo asentamento da Fraga, hoxe abandonado. Desde o cumo podemos gozar dunhas fermosas vistas.
Distancia: 6 km (ida e volta).

AS LAXES GALOMEIRA



En Cans (O Porriño). No río de Couso, un afluente do Louro de pouco caudal que salva 100 metros de desnivel nun treito moi pequeno. Hai saltos sucesivos de case 10 metros de altura e pequenas pozas. O máis destacado é a ferverza Galomeira.

COMO CHEGAR:
No alto do Confurco, nas saídas da N-120 e autovía A-52, unha estrada leva a Couso. Xusto ao comezo, á dereita nunha curva, están sinalizados os muíños restaurados das Laxes. Unha ruta de aproximadamente 1 km (ida e volta) remonta o río seguindo os distintos saltos, aos que non se accede pola dificultade do terreo.

CHENLO



En Chenlo (Porriño), no rego de Chenlo, un afluente do Louro que baixa dos Montes do Galiñeiro. Un salto duns 20 m de altura.

COMO CHEGAR: Desde Porriño collemos a estrada a Gondomar e nela o desvío a Mosende e Tui; na entrada de Mosende o desvío a Chenlo e, ao chegar a Canadelo o cruce que sinala a Igrexa. A ferverza vese á dereita da estrada cando se cruza o río.


REGO DA MIÑOTEIRA



En Mosende (Porriño) nun pequeno rego afluente do Louro que baixa dos montes do Galiñeiro.

COMO CHEGAR: Desde Porriño collemos a estrada a Gondomar e nela o desvío a Mosende e Tui; a pouco de entrar no desvío a estrada cruza o regueiro e vese a ferverza á dereita.

FREIXA DE ZAMÁNS



No rego de Zamáns ou Amiudal (Miñor) que baixa da serra do Galiñeiro. A ferverza ten pouca auga (agás en día de moita chuvia) pero esbara por unha enorme escorregadoira de laxes graníticas en varios tramos.

COMO CHEGAR:

Na estrada Vigo-O Porriño (Por Vincios e A Garrida) chégase a Zamáns e, no mesmo centro do lugar, a carón dun semáforo, cóllese o cruce á dereita ata o lugar da Igrexa e séguese ata o seu remate, onde se colle á esquerda. Séguese durante uns 400 m e tómase unha pista de terra á dereita ata chegar ao regato (uns 300 m). Para ver as ferverzas sóbese un pequeno tramo por un carreiro do monte.